

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2009.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas do día vinte e sete de novembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. M<sup>a</sup>. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, Dna. Maria África Pérez Filgueiras, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña Gómez Díaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **DECLARACIÓN DE URXENCIA:**

**Sr. Alcalde:** Ben, como non hai acta anterior, entón o primeiro, antes de entrar na orde do día, o primeiro que imos a facer, é facer unha proposta ao Pleno para cambiar a data do próximo, do mes, do Pleno do mes que ven, que correspondería facelo o día 25, e entón, pois a proposta que se fai dende a mesa, e.... sería o día 23, ás once e media da mañán. Como é preceptivo aprobalo, votos a favor. Ben, e... hai unha moción fora da orde do día, que presenta Izquierda Unida, entón pola vía de urxencia, e como é preceptivo temos que votar primeiramente, ou expoñer os motivos da urxencia, si quere a, a portavoz de Izquierda Unida.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si bueno brevemente, estivemos esperando para incorporar a moción, haber si se resolvía a folga de fame que mantén a activista saharauí. E dado que a día de hoxe, polo menos a estas alturas polas noticias que temos, a mantén, sometemos á consideración do Pleno que se poda debater.

**Sr. Alcalde:** Ben, votos a favor da urxencia.

De seguido, ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, o Concello Pleno, acorda:

1º.- Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto ***“MODIFICACIÓN DO DÍA DE REALIZACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO”***, incluílo na orde do día e tratalo antes de rogos e preguntas como punto núm. 12.

2º.- Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-IU SOBRE A ACTIVISTA AMINETOU HAIDAR”**, incluílo na orde do día e tratalo antes de rogos e preguntas como punto núm. 13.

### **1.- MODIFICACIÓN PUNTUAL AO PXOM DO CONCELLO DE MUGARDOS NO ÁMBITO DO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO DENOMINADO P1-“PEDREIRA”**

**Sr. Alcalde:** Ben este é un tema que ven ditaminado por unanimidade pola Comisión, e polo tanto pois e... se abre un turno de debates, e se lle cede a palabra ao Presidente da Comisión. Se quere explicar algo.

**Sr. Bouza Rey:** bueno boas tardes. Efectivamente, ven aprobado por unanimidade, cunha aportación que... que se fixo, de que dado que este é o... a redacción inicial, temos a provisional, e teríamos a definitiva que aprobaría no seu caso a Xunta de Galicia. Entón vai a aprobarse agora a inicial, quedando dous puntos para que se contemplan na, na modificación, no proxecto de modificación, que un sería a superficie cualificada no Plan vixente como dotacional e superficie cualificada pola Modificación como dotacional público do sistema xeral. E a segunda que deberase dar cumprimento ao apartado I do Anexo do Decreto 262/2007 das Normas do Hábitat Galego.

**Sr. Alcalde:** Bes se abre un turno de palabras. Se os grupos queren intervir, si Juan.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Moi brevemente, xa vai para un ano, que o Concello Pleno concertou a cesión do anexo do campo de fútbol da Pedreira, coñecido polo campo de terra, por parte do... da Sociedade Galicia de Mugardos ao Concello para a construción dun campo de herba artificial convertendoo deste xeito nun ben patrimonial público. Agora con esta moti... modificación puntual, o que se pretende e corrixir e axustar á realidade, as... a realidade a superficie destiñada a dotación deportiva. A Consellería de Medio Ambiente no seu informe de 23 de outubro rese... resolve a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual. No informe da Dirección Xeral, a través da demarcación de Costas de Galicia non pon obxección ao ámbito de Modificación Puntual, por non atoparse afectado polas determinacións da Lei de Costas, por atoparse lonxe da costa. Conta co informe favorable do secretario, e a arquitecta municipal Olga Frá, e esta no seu informe considera que no apartado 6.2 da memoria calificación para novas dotacións municipais, na súa redacción definitiva, debería figurar a superficie cualificada polo PXOM vixente como dotacional, e a superficie cualificada pola modificación como dotacional público de sistema xeral. E que na memoria ou na ficha, na súa redacción definitiva debería figurar, deberase dar cumprimento ao apartado un do Anexo do decreto 262/2007 das Normas do Hábitat Galego, coa inclusión na redacción definitiva das dúas consideracións feitas pola arquitecta, Olga Frá, tendo en conta que unha vez completado o expediente, o Conselleiro de

Medio Ambiente ten tres meses de prazo para a súa aprobación definitiva e co obxectivo de axilizar os trámites para que a modificación Puntual non se demore mais no tempo, o noso grupo vai a votar favorablemente a modificación, a modificación puntual.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan. Si, si Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Si, boas tardes. Bueno, eu non estiven na Comisión, polo tanto non puiden estar, quere dicir que o meu voto non figura na mesma. E quero mostrar o meu desacordo coa modificación, pola razóns que vou expoñer. A miña lírica fundamentalmente está basada no proceso. No proceso, que eu creo que, ao meu entender está feito do revés. Eu creo que o primeiro que hai que facer é a modificación e logo a aprobación das obras cos acordos que quedan predeterminados aló. Se fixo ao revés. E isto ocorre a pesar de que hai unha advertencia do secretario, nun informe da corporacion anterior de que como é obvio e todo o mundo sabíamos, practicamente todo o mundo sabíamos da necesidade da modificación para trocar o, o ámbito do P, que estamos a falar. Isa é a miña razón de abstención, eu voume abster. Claro, sin que entre ou non entre a prexulgar o que se vai a facer aló. Que eu sempre me abstiven e a miña disconformidade metelo no que se meteu que parece que é unha aberración, e digoo con toda a claridade, dos postulados que Zapatero e o seu goberno, os chamados socialistas arriba, pre, preconfiaban con esta, con este tipo de obras. Pero, para que se entenda, vou a facer unha exageración, un simil exagerado de cómo se fixeron as cousas. Para que... exageradamente. Se isto en vez de darse con entidades sen ánimo de lucro, se da cun veciño calquera, a lei é a lei, a lei é igual para unha cousa que para a outra. Resulta que poideramos estar na circunstancia de que lle dicimos que si a facer unha mazá de vivendas e logo entramos en facer a modificación puntual. Polo tanto, estou demostrando parece-me a min de xeito fehaciente, que o proceso non é o correcto. Eu espero que... como é obvio que vai a saír aprobado, que en próximas circunstancias parecidas ou semellantes, empreguese o método como ten que empregarse da forma tal como o dí a lei. Non a posteriori facer a modificación. Nada mais, e creo que pode, e se estamos atentos poden volver a ocorrer cousas parecidas a estas.

**Sr. Alcalde:** Gracias Fariña.

**Sr. Bouza Rey:** Bueno, pensei que non ia a haber que facer unha serie de puntualizacións. Primeiro a obra non está feita, a obra se vai a facer. O campo de fútbol está sin facer, a actuación do que se vai a facer no campo de fútbol está sin adxudicar está... ou sexa que non é, non é así tampouco como di Fariña. E despois, a responsabilidade será de todos os que no noventa e nove deixaron unha tira de non sei cantos metros cadrados sen meter no campo deportivo que xa era do Galicia. Claro, agora pois nos damos conta de que houbo un erro, como moitos mais do Plan, pero o que si é inconceivable é que como ese, esa tira de arriba a abaixo metida nun polígono cando xa se estaba xogando ao fútbol alí. Entón tampouco é así. E... pois polas razóns que, que sabemos dende un principio e que a obra non lle pode gustar, ou lle poida gustar menos a Fariña, pois nos parece ben, pero tamén hai que dicir todo de cómo empezou e como vai a rematar, que eu penso que rematará pois como queremos a gran maioría que remate.

**Sr. Alcalde:** Haber, si e... eu creo que era unha cousa que ven ditaminada por unanimidade, coa excepción de que o Sr. Fariña non estaba na comisión e que non merecía mais debate do que se debateu xa na comisión. En todo caso hai unha realidade concreta de que aquel terreo estaba ou estivo sempre adicado a equipamentos, e a obra que se fixo alí non foi, digamos foi un peche perimetral que xa había, e foi repoñer outro peche que, que bueno, en todo caso creo que o fondo do, da cuestión da, da modificación pois vai para reparar un erro que non foi tampouco con intención ningunha de perxudicar ao Galicia, nin moito menos, como outros erros que hai no, no propio Plan de Urbanismo que, que soen pasar como pode haber outros erros no próximo Plan que se faga.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Gracias Alcalde, pero eu... ¿eh?. Non brevemente, gracias Alcalde, eu creo que a Bouza, contestouche o Alcalde perfectamente, deberías habelo escoitado por, entre outras é tan culpable como son eu o Alcalde, non pero digocho eu, digocho eu, non é que o dixeras ti, é tan culpable él coma eu, na aprobación. E mais, está a dicir que no futuro poden ocorrer, esperemos que non ocorran, pero poden ocorrer casos parecidos ou semellantes que este. Que tería moito que falar. Se está mal ou está ben, pero noutra discusión. E tamén o propio Alcalde diche que as obras, unhas están ou menos realizadas, e outras están en vía de execución. Está, están aprobadas pola Deputación Provincial, polo Concello de Mugardos por todo o mundo. Falta a execución material da mesma. Listo, xa non... a obra é todo, non é a realización... por o, o ladrillo, e tamén o plano, iso é obra, iso e o que nunha corporación deberamos entender, e é o que entendible, eu non sei se ti o entendes ou non. Pero eu o entendo así, creo que é como ten que ser. En definitiva, doulle as gracias ao Alcalde, estou completamente de acordo co teu tema. Eu nada mais tratei de demostrar a miña discrepancia co proceso e aínda así dixen que me ia a abster. Bouza, non interveñas mais porque senón me teño que votar en contra. Nada mais, moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Bueno, veña. Si bueno, se non hai mais palabras sometemos a votación a aprobación inicial.

Rematado o debate, sometese o asunto a votación e o Concello Pleno, tendo en conta a Decisión do 23.10.2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, na que declara a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica a presente modificación, e os informes emitidos polo secretario da Corporación en data 23.11.2009 e pola arquitecta municipal en data 26.11.2009, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Industria, por 11 votos a favor (5 BNG, 3 PP, 2 PSOE, 1 EU-IU) e unha abstención (IPM) acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o documento “Modificación Puntual ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mugardos, no ámbito do Solo Urbano Non Consolidado denominado P1-Pedreira”, redactado polo arquitecto D. Alejandro García Virosta, de data xullo de 2009, coas seguintes consideracións recollidas no informe da arquitecta municipal arriba indicado, e que deberán ser contempladas no documento na súa redacción para a aprobación provisional:

-“Superficie cualificada polo PXOM vixente como dotacional, e superficie cualificada pola Modificación como dotacional público do sistema xeral”.

-“Deberase dar cumprimento ao apartado I do Anexo do Decreto 262/2007 das Normas do Hábitat Galego”.

2º.- Solicitar a emisión dos informes sectoriais seguintes:

- “ Consellería competente en materia de vivenda, sobre o cumprimento da modificación das Normas do Hábitat (art. 3.2 Decreto 262/2007, do 20 de decembro).”.

3º.- Someter o expediente a exposición pública polo prazo de dous (2) meses, mediante anuncio que se publicará no D.O.G. e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, para o fin de que poidan presentarse as alegacións por todos os que o estimen conveniente, tal e como preceptúa o artigo 85.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

4º.- Acordar, ao abeiro do artigo 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, a suspensión do outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para toda a área da Modificación Puntual, suspensión que se extinguirá no prazo de 2 anos e, en todo caso, coa aprobación definitiva da modificación Puntual”.

## **2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO 25 DE NOVIEMBRE.**

**Sr. Alcalde:** En todo caso ten a palabra a Presidenta da Comisión de Asuntos Sociais da muller.

**Sra. Díaz Prados:** Boas tardes e... vou a dar lectura á declaración institucional para que quede constancia dela. A declaración ven aprobada, e participamos absolutamente todos os grupos deste Concello, simplemente leela. Declaración institucional co gallo do 25 de novembro: *“A violencia de xénero é a manifestación mais grave da desigualdade entre homes e mulleres. Comprende calquera agresión física, psicolóxica ou sexual sobre as mulleres polo mesmo feito de selo e é utilizado polo home para exercer o seu poder e manter á muller nunha posición de subordinación.*

*O vindeiro 25 de Novembro terá lugar a conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller. A corporación municipal do Concello de Mugar dos quer por de manifesto a necesidade urxente de rematar con este tipo de violencia.*

*A violencia de xénero é unha realidade social que, ano tras ano, día tras día, nos amosa a súa faciana mais cruel cos asasinatos de centos de mulleres, co tráfico de mulleres e nenas, con agresións, abusos sexuais, acoso, nos diferentes ámbitos da vida laboral e social.*

*Consideramos que a área de sensibilización e prevención é a mais importante, así pois, as actuacións deben ir dirixidas a orixe do problema fomentando relacións igualitarias entre mulleres e homes pero tamén un compromiso mais explícito nos pais e nais para que cuestionen todo aquilo que contribua a perpetuación dos roles da desigualdade e que*

*manden mensaxes directos ás familias para que eduquen en igualdade, tolerancia e indefinición de roles. Consideramos fundamental promover medidas básicas de prevención, integrandoas nas políticas sociais e educativas do noso Concello para acadar unha igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.*

*O Concello de Mugar dos é consciente, desde fai tempo, desta lacra social, e polo tanto, ten acadado unha serie de actuacións para loitar contra ela, para previr e erradicar a violencia machista.*

*Somos conscientes de que estas medidas son insuficientes xa que o problema necesita de unha actuación conxunta a todos os niveis e entre todas as institucións, pero sobre todo, necesita dun cambio de mentalidade social que conleve a igualdade social real e efectiva entre homes e mulleres, non sobre o papel senón perante a sociedade.*

*Nesta data o Concello de Mugar dos quer renovar, con mais forza si cabe, o seu compromiso de loita contra esta lacra social, contra á violencia de xénero. Os homes e as mulleres de Mugar dos queremos dicir Basta Xa! Nin un insulto mais, nin un berro mais... Queremos, pois, expresar a nosa mais enérxica repulsa a violencia de xénero.”*

**Sr. Alcalde:** Ben votos a favor.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO 25 DE NOVEMBRO, obrante no expediente, e anteriormente transcrita.

### **3.- MOCIÓN DA PORTAVOZ DE EU-IU, PARA INSTAR A TRANSFERENCIA DA AVDA. DO SEIXO AO CONCELLO DE MUGARDOS.**

**Sr. Alcalde:** Ben ten a palabra a ponente.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Bueno este é, é un tema algo manido xa no Concello porque se estivo a debatir ao longo do ano 2009, o que pasa é que non se chegou á súa conclusión final, a pesar de que eu creo que non só sobre este vial, senón sobre algúns outros no concello de Mugar dos había un consenso importante para poder iniciar os trámites ante a Xunta de Galicia e as negociacións para que fose transferido ao Concello, pero quizais a Avenida do Seixo polas características especiais que estaban a vivir os veciños, polo tanto a moción ten dous puntos, un en concreto é sobre a Avenida do Seixo, e é iniciar xa as xestións ante a Xunta de Galicia para a súa transferencia. E o segundo sería retomar o debate que quedou pendente na Comisión do 19 de febreiro deste ano para ver as posibles vías a solicitar á Xunta de Galicia para que foran transferidas ao Concello de Mugar dos.

**Sr. Alcalde:** Ben, se abre un turno de debate. Os grupos que queiran intervir. Ben por orde de petición ten a palabra o Sr. Varela.

**Sr. Varela Deibe:** Ben, eu aquí estamos, ou sexa estamos en principio estamos de acordo ca moción sempre e cando se poda, se a ponente se habén a rectificar unhas, unhos pequenos fallos que detectamos, imos. Que podería ser, eliminar a zona pintada en amarelo e

así superar a situación que existe, que están a vivir veciños e poría excepto zonas perigosas, como pode ser... e que podan entrañar perigo, curvas etc, unha. No segundo punto por exemplo delimitar o trozo da Avenida de Galicia que eu creo que vai a ser... ou da Avenida de Galicia, da Avenida do Seixo que vai a ser todo practicamente, ata eu poría ata o río. Para, para, hai que ser mais claros e... concisos. E outra cousa sería tramitar a transferencia desta, darlle, darlle transferencia, darlle prioridade a esto sobre todo e... no tema das multas. Que non poidan poñer, que non se poidan, que non vaian a multar alí, durante o periodo de... que se... de tramitación. Porque iso é moi interesante. O Seixo sabemos como é, alí se aparca en dobre fila, se aparca nun lado e noutro e imos... eu creo esto si, si aceptamos esto, si a ponente acepta isto, nosoutros imos a votar a favor dela porque xa digo, instar a que o mais rapidamente posible nola, nola transfira. Igual que outras que estén pendentes, que como dí, como ben di a ponente está tratado en comisión e todo o mundo mais ou menos estaba de acordo.

**Sr. Alcalde:** Fariña

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Si, si imos a ver. Eu entroncando un pouco co que dixo Varela, o que eu entendín, é que primeiro na miña opinión, as multas é unha consecuencia, non é o problema. Hoxe estamos a falar, na miña opinión ¿eh?, dun problema que vai moito mais aló. É pasar a transferencia dun vial que é dun organismos supramunicipal bien da Deputacion, neste caso da Xunta, a competencias municipais, co que comporta o tema, teoricamente o que comporta o tema. E dicir, imos dicir que si, ou imos a dicir que non, pero sepamos perfectamente que a partir deste intre, de aceptalo, e da Xunta aceptar a cesión, que por suposto xa non é esta a primeira vez, que noutras moitas ocasións foron eses organismos supramunicipais os que lle ofreceron ao concello. E nós plantexamos sempre, digo nós, porque eu estaba na corporación, goberno ou oposición, sempre estiven na corporación, cando... dicíndolle si, pero en todos eles cando reunira as condicións optimas necesarias para que alomenos nunha franxa de tempo importante o concello non tivera como consecuencia un prexuízo de tipo económico. Isa a primeira. Polo tanto parece ben, pero é un problema doutra dimensión porque a miña pregunta é porque non todas as vías urbanas, que son de competencias supramunicipais, e dicir a rúa en que estamos, esta, a Avenida de Galicia, o centro neurálxico de vida, non sei cantas cousas mais bonitas do propio Mugardos, non é de competencia municipal. E temos serios problemas con todo. Eu creo que á hora de negociar aínda estando de acordo, porque claro eu o que transmito é que sea todo en un. Eu creo que hai que solventar un problema que é o do Seixo, o hai que solventar, se o camiño que buscamos, que parece ser que é o único, tería que porse riba da mesa o resto tamén. ¿Para que?. Ao menos se eu fose grupo de goberno, por iso, non o escoitei ao grupo de goberno, pero de verdade que quería escoitalo, e entón a miña intervención podería ter sido outra. Pero se eu negocio coa Xunta, coa Deputación, este tema, en troques de nada, vaime dicir que si, que se quitan un morto de enriba. Pero o resto que facemos, o compañeiro de obras, o responsable de obras dicindo que coidado que si, a carretera que vai polo Peteiro, coidado que é da Xunta, non sei que non sei canto, e ten toda a razón do mundo. Se houbeamos negociado, poderíamos ter dito á Xunta, bueno arreglasnos esta estrada a ac, e nos collemos o Seixo e collemos tal porque entendemos que está ben. Esa é a forma, eu creo que é a forma correcta de actuar. Creo que é o xeito correcto de actuar, dende o punto de vista de, de pobo, e

dende o punto de vista económico para o propio pobo. Porque non só isto, temos rúas en casco antigo ¿eh?, da Xunta de Galicia. E non rúas que rematan, como dicía, apuntabame o compañeiro fai un intre. Non, non tamén eiquí. É certo que O Seixo non ten, e, e de embudo que hai que retroceder, pero no peirao de Mugaros ocorre tres cuartos do mesmo. E... ou sexa, estou de acordo co que plantexa Pilar, totalmente de acordo eu supoño que mais ou menos todo o mundo quere solventar ese problema. Pero o que é preceptivo na miña opinión é dicir esta en condicións óptimas agora mesmo para ser recibido, é dicir, nun horizonte de vinte anos a vinte e algo de anos ¿o Concello de Mugaros non vai a gastar unha peseta nesa rúa? Porque está todo arranxado de novo. Eu creo que non é así, entre outras cousas porque as pluviais non están postas parece... bueno é igual. Pero é outro rollo. E pero o outro, a outra consecuencia é, e que imos a facer co resto das rúas de Mugaros, que son dúas ou tres mais. ¿Facemos o mesmo ou non?. Porque si ese é o problema, e solventamos todos os problemas eiquí mañán pode vir perfectamente estradas e... o mesmo tráfico e multar a reo porque non damos o ancho do vial, eiquí non damos o ancho do vial. Sabedes que, toda a estrada que vai, que ven para Ares, non podía haber aparcadoiro en ningún lado, iso tiñadelo que saber, que non da o ancho, non e... en fin. Todo ese tipo de problemas hai que velos nun conxunto. Si o compromiso é de todos, que con urxencia ataquemos ese tema, pero tamén coa mesma urxencia ou mais aínda, arranxemos todo o resto, parece, parece ben. Pero creo que si eu fose Alcalde, eu querría negociar con quen fose, ben con Deputación ou ben coa Xunta, negociar o mamotretro completo, tendo claro que esta lles, lles ía a saír gratis. Para que tivese posible compen, compensacións no resto. Isto parece que é de sentido común. Ou eu estou un pouco... igual estou mal, poque a min habitualmente chamanme o espírito dous, pero imos que queres que lle faga eu.

**Sr. Alcalde:** Bueno eu, un pouco para aclarar o debate porque, non imos a ver, non... penso que... a opinión de Fariña penso que está na, na mente de todos os que estamos eiquí, evidentemente cando se fala mesmo a propia ponente da, da moción aínda que non o pon explicitamente, na mente dela seguramente está de que si se negocia a transmisión dun vial da Xunta para o Concello, pois evidentemente estará pensando pois que ese vial terá que ser remitido ao Concello en condicións óptimas ¿non?. E as condicións óptimas son que esté cunha capa de aglomerado, cos servizos e... se hai que renovar algún, con unhas beirarrúas tamén en condicións si é que é, é posible. E tamén dicir que, creo que é de todos coñecido, incluso creo que na propia reunión, na derradeira reunión que tivemos co, co anterior delegado de Política Territorial, que estabamos todos os grupos políticos alí, pois creo que se falou con él nese sentido de que se podía negociar o, a remisión de algúns viais á Xunta, dado de que están en casco urbano, como pode ser a dos Corzás que é da Xunta, imaxino que podíamos pedir ata, ata os Catro Camiños, ou ata Bigotes, como é tamén a, a que vai ao Baño, que é unha... evidentemente como é tamén non soamente a Avenida do Seixo senón que é da Gallada ao Seixo, que está fatal, e nós as recibiríamos sempre e cando fora en condicións e con beirarrúas claro está, porque a que vai ao Baño non ten beirarrúas, a que vai da Gallada ao Seixo tampouco ten, e non, non imos a recibir unha, unha estrada se non ven condicionada a... cos servizos que debe ter. Eu creo que, que efectivamente no problema ou sexa, non sei se hai un problema, pero tamén o hai en Mugaros, eiquí en Mugaros tamén multan ¿eh?, eiquí tamen ven, ven tráfico e multa, non é a primeira vez que ven e pega un barrido. Pero bueno, eu entendendo de que efectivamente a Avenida do Seixo é unha rúa dun núcleo de poboación

importante de, de Mugardos, pois eu e... saudaría con, con satisfacción que na Comisión de Obras ou iso, pois se tomase un acordo de, pero coas condicións postas riba da mesa xa, non soamente decirlle á Xunta que remita ao Concello esa parte de, de vial, pero con contrapartidas claro está, porque efectivamente nós imos a recibir un vial, pero ao cabo duns anos imos ter que facer unha inversión entón cando... se non a recibimos corresponde á Xunta facela. Como o fixo por eiquí na Avenida de Galicia que aglomerou... aínda non fai, fai uns anos ¿non?. Bueno, pois dito isto, continuamos co debate. Juan tes a palabra.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bueno se me permitides antes de comentar o tema da, da moción quería facer unha pequena reflexión. E... eu todavía non sei o criterio que segue o Alcalde á hora de confeccionar o orde do día dos Plenos. No Pleno do 26 de xuño de 2009 o Alcalde non incluíu dúas mocións do PSOE, unha sobre a gratuidade dos libros, e outra relativa ao abrigo dos pantaláns de Punta Ratón, baixo o pretexto de que eran demasiadas mocións, naquel momento eran cinco. A pesar de que as mocións do PSOE entraron por rexistro antes que as mocións do BNG e do PP. Finalmente tivemos que presentalas de urxencia para que puideran ser debatidas. Hoxe imos a debater oito mocións, menos mal, que o Alcalde en Xunta de Portavoces de, en Xunta de Portavoces pideu que as mocións se consensuasen e se reduxeran en número cando non houbera posibilidade de consenso. Non soio non se reduxeron, mais ben aumentaron, e o que é mais sorprendente, aínda que algunha como a que presenta a compañeira Pilar si me parecen positivas de debate, hai outras mocións que son iguais, incluso repetidas de plenos anteriores. Iso si, eu creo que debemos ser o Concello mais prolífico en canto a mocións de Galicia, e penso que tamén de todo o estado. Vou a abusar un pouco dos número como fai o compañeiro Fariña e dicir que en Galicia hai 315 concellos e se en cada concello se presentaran o mesmo número de mocións que no noso concello, a Xunta recibiría cada mes dous, dúas mil quinientas vinte mocións, e no Estado hai oito mil cento once concellos, e na mesma proporción o goberno de Zapatero tería que estudar 64.888 mocións dos concellos de Galicia. Como sigan o noso exemplo os demais concellos paralizamos a Xunta de Galicia ou, e mesmo o goberno do estado. Esperemos que non cunda. En canto á, a moción e... como xa recolle por si mesma, ese tema xa foi tratado na Comisión de obras e servizos, e aínda que...o... a día de hoxe o tema non está rematado como mesmo nos indica a compañeira Pilar, e... todos cremos e estamos de acordo que hai que retomar o debate e estudar a posibilidade dos viais que se poden, que se poden transferir e evidentemente as condicións nas que os vamos a recibir.

**Sr. Alcalde:** Bouza, ¿eh? Pasas. Non, eu dicir que, que e... efectiva... non, antes de pechar, dicir que efectivamente se a Comisión fai un estudo do, do coste que necesita esa obra tal... para levarlle á Xunta, nós non imos a dicirlle oe queremos a estrada pero sen nada. Temos que levar unha, unha memoria do, do polo menos do, do, en que condicións recibiríamos iso. E de aquela pois e... eu encantado de que si a Xunta nos arranxa a...os viais que nos vai a ceder, encantado da vida. E con, con respecto ás mocións, Juan, eu quero dicir que efectivamente eu comparto totalmente a exposición que fixeche de feito fixemos unha reunión de Portavoces así noutra convocatoria para tratar este tema, e polo menos quedamos en que... no que dicías ti, que se consensuaran e a ser posible que algunhas se consensuaran para chegar eiquí e votar nada mais. Agora non o sei porque non se fixo. Fariña, querías e...

Queres pechar xa ou... o que pasa e que o tema da, da moción, ou da proposta que facía Emilio creo que está recollido no, na, na exposición ao principio de todo ¿non?. Bueno.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Por si o PP quere intervir no, no segundo turno, e... a parte de... unha das partes das incorporacións que fixo Emilio están na exposición de motivos, co cal non tería. A outra parte que é delimitar ata o río, e... eu creo que de todo o que sacamos eiquí, que se lle pode engadir non sei se é un terceiro punto, o digo para non tal, que é que a moción ou o acordo, imos, sexa avaliado economicamente pola Comisión de Obras, tendo en conta non só este vial senón o conxunto dos viais e a delimitación do espazo que se vai a solicitar. O digo para non marcar, ata a ponte do río Ba ata... o digo por é a moción. Entón, incorporar un novo punto que pode ser do consenso de todos, que na Comisión de Obras, que supoño que tal, se faga un estudo pormenorizado dos costes que pode levar cada vial, e a delimitación dos mesmos do conxunto dos viais que cada grupo poña riba da mesa, e en todo caso polos motivos que dixemos todos, sen que apareza xa nos acordos, dar un tratamento preferente a Avenida do Seixo, porque aínda que é verdade que en Mugardos multan, Mugardos ten rúas adxacentes para poder aparcar que no caso do Seixo o teñen mais complicado. Se con iso vale, nós creo que recolleríamos un pouco o que aportou todo o mundo.

**Sr. Alcalde:** Si Varela, si.

**Sr. Varela Deibe:** Eu soamente quería apuntar un detalle. Dices que a estrada do Seixo é dende a Gallada, claro, dende a Chousa, pero esa ten dous kilómetros e pico que é solo rústico. Non pretenderás que a Xunta, que non creo que lle sobren os cartos, vaia a facer beirarrúas, vai a facer todo nun solo rústico. ¿Eh?

**Sr. Alcalde:** Si pode ser.

**Sr. Varela Deibe:** Si puidera ser, haber se nos tocara a lotería. Home se eu tivera moitos millóns a mellor, fixate ti que esplendido son eu, que ao mellor daría para facer iso. Pero non creo que a Xunta sexa tan espléndida.

**Sr. Alcalde:** Si, pero hai precedentes que si ¿eh?. Hai precedentes que si, e de feito eles tampouco o desbotan.

**Sr. Varela Deibe:** Non hai que... o que, o que propoñíamos nós é do, do Río Ba ata o muelle, porque é zona urbana. Agora o outro eu creo que xa é a Penela, é unha zona que non hai mais que montes e dúas casas alí ou tres. Eu penso, que si incluimos iso non imos ter solución ningunha. Por iso estaba, lle, lle recalquei a Pilar de que iso debía de poñerse un límite, á zona urbana como eiquí porem os, os Catro Camiños ou o Bigotes que dixeches ti, mal, mal, mal dito non, mal dicido tampouco, como se dí, porque de chamarlle bigotes da un pouco de tal.

**Sr. Alcalde:** Non dixeran a quen, ¿eh?. Dixeran...

**Sr. Varela Deibe:** E por exemplo a Xesteira ata, ata, con Mehá, que xa acordamos algo, algo, quedamos en Comisión, en algo diso. Agora a outra estrada que pretendan meter no mesmo lote... por meter poden meter o que queiran.

**Sr. Alcalde:** iso en todo caso, iso en todo caso o vades a aprobar en Comisión, e todo iso o consensuades e...

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Eu brevemente dúas cousas. Primeiro estou totalmente de acordo coa derradeira intervención de Pilar, totalmente de acordo, polo tanto eu creo que hai que estudar nunha, na Comisión de obras, a estratexia do propio, de negociación do propio Concello cara tanto á Deputación, como á Xunta. Dandolle a máxima prioridade polos problemas que está a haber nestes temas. Punto aí queda o tema. Sen entrar a discutir mais, porque temos que diferenciar o que é o Pleno, do que é a Comisión, a negociación o rolo o eu e o outro, debería de ser aló, ben. E por derradeiro dicirlle ao meu amigo Juan, que eu emprego os números, non abuso deles. Nada mais.

**Sr. Alcalde:** Ben, sometemos a votación a moción. Ah... pechas Pilar, queres pechar, ¿non?. Ben. Sometemos a votación a moción. Ben, hai que pasarlle logo o punto ese logo a... queda grabado, bueno.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, para instar á transferencia da Av. do Seixo ao Concello de Mugardos, co engadido dun terceiro punto efectuado durante o debate, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1.- Iniciar as xestións ante a Xunta de Galicia para a transferencia da Avda. do Seixo ó Concello de Mugardos.
- 2.- Retomar o debate sobre os posibles viais a solicitar a súa transferencia á Xunta de Galicia.
- 3.- Que na Comisión de Obras se faga un estudo pormenorizado dos costes que pode levar cada vial, e a delimitación dos mesmos, do conxunto dos viais que cada grupo poña riba da mesa.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O FOMENTO DA INTERMODALIDADE URBANA.**

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra a ponente.

**Sr. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Boas tardes, haber se me aclaro con todo isto. Bueno como xa leriades a moción pois comentar sinxelamente un pouquiño os acordos ¿non? Que o Pleno insta, insta ao Ministerio de Fomento a reactivar as Comisións de Seguemento para a integración do Ave nas, nas nosas cidades. Que se cree a Xerencia Territorial de Cercanías en Galicia e implantar de xeito prioritario os servizos de Cercanías. E

logo por outra bando instamos á Xunta de Galicia a poñer en marcha o Ente Ferroviario Galego e elaborar os estudos e proxecto para o metro lixeiro de A Coruña, Vigo e Santiago. Mellorar os servizos e implantar o billete único en Coruña, Santiago e Ferrol, e aprobar transportes metropolitanos de Vigo, Pontevedra, Lugo e Ourense e impulsar os transportes marítimos das rías de Vigo e Ferrol. Isto virianos a nós estupendamente. E crear o Consorcio do Transporte Metropolitano de, de Galicia.

**Sr. Alcalde:** Ben abrese un turno de palabras. Hai tres palabras pedidas. Bueno, e... entón base, en base ao que falamos na Xunta de Portavoces eu pediría breve, brevedade. ¿Eh?. Juan tes a palabra.

**Sr. Fernández Ameneiro:** O Ministerio de Fomento está a realizar o investimento mais grande da historia de Galicia en infraestruturas, nomeadamente en infraestruturas ferroviarias. O que permitirá que en 2011 e 2013 circulen os primeiros trens de alta velocidade e no 2015 se remate a conexión coa Meseta, e finalmente que todas as áreas urbáns galegas contén con conexión tanto por medio de transporte ferroviario como en algunhas delas inclusive co transporte de alta velocidade como os casos, como son o caso da Coruña e Vigo. Non entendemos que se precise moción algunha tendo en conta que foi o propio Ministro de Fomento Pepe Blanco, o que asinou co Presidente da Xunta os compromisos e orzamentos para dotar a Galicia do tren de alta velocidade, no denominado Pacto do Obradoiro. O transporte ferroviario de cercanías é unha eiva das moitas que hai na nosa comunidade, xa que ao longo dos gobernos de Manuel Fraga, non se tomou ningunha decisión para contar cun transporte ferroviario que comunicase as áreas metropolitanas galegas. E mesmo non foi, perdón, non foi ata, ata a pasada lexislatura que se comezou as negociacións cos operadores de transporte ferroviario e con Renfe para incrementar os servizos para o transporte de cercanías. E mesmo para o 2009, figuraban douscentos mil euros nos orzamentos da Xunta de Galicia, destinados a crear, a crear o ente xestor ferroviario, que coordinaría as negociacións con Renfe e xestionaría ditas liñas de cercanías. O actual goberno non foi quen de poñer en marcha, en marcha este ente xestor. E os socialistas galegos, a través das emendas que presentamos aos orzamentos da Xunta pretendemos dar un impulso ao transporte metropolitano vi, viario, e ao transporte de cercanías utilizando a única ferramenta que é posible neste momento, as propias emendas. Polo tanto, consideramos que o punto un e dous, e... para que nós poideramos votar esta, esta moción, habería que retiralos. E no punto tres propoñemos e... que o Concello de Mugardos inste á Xunta de Galicia a favorecer coa súa maioría parlamentaria que a sustenta, a aprobar as emendas aos orzamentos do ano 2010, dirixidas a mellorar as partidas de transporte metropolitano. De modo que se fomente a través dos presupostos o acordado polo anterior goberno con respecto a esta materia.

**Sr. Alcalde:** Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Iate a chamar Santo Job, pero como, como a afinidade túa con...

**Sr. Alcalde:** Xa o ten, xa o ten Rajoy iso ¿eh?.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Debemos ter paciencia todos, moita paciencia. A verdade é que eu quería ser respetuoso co que acordáramos, e eran dúas cuestións de matices, dous matices. Unha, eu creo que a moción tal é como está estruturada estratexicamente é perfecta. Plasma a perfección, perfecta. Por unha banda ao goberno central, que é do PSOE, e pola outra banda á Xunta que é do PP, que entre comillas que é deles, perfecta. Home, pareceme vago, ou impreciso, eu creo que a palabra impreciso é mellor a referencia que fai ao que mais nos atinxe, que é o transporte marítimo. Vago ou impreciso. Nada mais, eu creo que é impreciso. E por derradeiro, espero, quero e desexo que a creación da multitude de Comisións, subcomisións, Comisións non sei que, dado a situación económica que estamos a padecer e padecemos tamén os mugardezes non teñan unha repercusión económica negativa, porque senón... facemos comisións ou se fan comisións por todo. De tódolos xeitos aínda que é certo, o que di Juan, Juan o voceiro do PSOE como está grabado Juan, poñoche o apelativo, para non haxa problema ningún, é certo que, o que por si é certo tamén que redundar no mesmo pareceme que nunca é malo. E por outra banda Juan, eu non coñezo a Pepe Blanco, coñezo D. José Blanco, Pepe Blanco non o coñezo. Pepe Blanco era un que cantaba pero eu ese Pepe Blanco... a Don José Blanco si, Ministro de Fomento, presentarasmos.

**Sr. Alcalde:** E Carlos Morel. Ben, ten a palabra Roca.

**Sr. Roca Lorenzo:** Boas tardes, din vostedes eiquí na, na moción entre outras cousas que o Plan de Transporte Metropolitano aprobado polo último goberno do Partido Popular, o último e este que está agora. Mais do 60% da poboación galega agradecería un transporte metropolitano de calidade e, e eficaz. Tamén din entre outras cousas, que o cambio de goberno no ano 2005 a situación do transporte metropolitano sufriu un deterioro, un retroceso e, e deterioro ¿non?. Bueno, din tamén a promesa da implantación do Billete Único por parte do anterior bigoberno, caeu en saco roto. E outras cousas que xa lin por eiquí, ¿non?. Teño que ir por exemplo á convocatoria da reunión de... da Comisión de Seguemento do transporte metropolitano firmada polo Director Xeral de mobilidade, Miguel Rodríguez Bugarín, dirixida ao Alcalde que lle dí, como consecuencia do cambio de goberno non houbo un momento ata o de agora para poder celebrar a preceptiva reunión da Comisión de Seguemento do vixente Convenio do Transporte Metropolitano de Galicia, polo que lle pido disculpas. E... isto está fechado a 31 de agosto, ten entrada no Concello de Mugar dos, as eleccións foron o un de marzo. Por outra banda o día 15 de setembro na sala de xuntas do edificio administrativo da Xunta de Galicia na praza, en Ferrol, na Praza de Camilo José Cela, se celebrou unha, unha reunión, acta de Comisión de Seguemento, o Presidente Miguel Rodríguez Bugarín, Director Xeral de Mobilidade, vou a ir así un pouco... por iso do tempo. E primeiramente e antes de entrar na orde do día, dí o Director Xeral de Mobilidade, agradezo a presenza dos asistentes e pidolles disculpas a nivel persoal e institucional pola tardanza na celebración da reunión. Comenta que este é un ano un pouco especial, él que asumiu a responsabilidade no mes de maio pasado, tivo que poñerse ao día en tódolos asuntos da Dirección Xeral, polo que non poido convocar ata o de agora a reunión. A dotación económica para o ano 2009, o Director Xeral volve a disculparse polo retraso e indica que a información relativa a este apartado tamén se mandou por correo, e informa que á altura do ano que nos atopamos parece mais oportuno facer unha liquidación e calcular a previsión do

resto do ano de forma proporcional á información real da que se dispón ata a data da remitida da convocatoria. E... o Director Xeral pregalles que transfiran á Xunta de Galicia o antes posible o importe das achegas. Información sobre a previsión do novo Plan transporte metropolitano, o Director Xeral comenta que o acordo institucional é moi sólido e agradece a colaboración dos concellos e que, e que é moi valorada polos cidadáns, e manifesta que a Xunta de Galicia vai a apostar polo transporte metropolitano en concreto polo novo plan, e que a Dirección Xeral de Mobilidade se vai a encargar de poñelo en marcha. Afirma que o traballo de goberno anterior é serio, que nel se invertiron moitas horas de traballo e que se vai a continuar na mesma liña. E xa rematando, de momento, con respecto ao acordo institucional considera que este é moi sólido e que conta co apoio de tódolos concellos. O Alcalde de Mugarodos, demanda que se lle busque unha solución ao transporte da ría, entre outras cousas. Nada mais.

**Sr. Alcalde:** haber e... a min parece ben que os grupos políticos pois tentan manifestar a súa postura a nivel político tanto no Concello como a nivel de Galicia, presentando mocións e... que sirvan para debate e para mellorar en todo o posible a onde van dirixidas as mocións. O que non me parece ben, é presentar mocións por mocións, e de feito xa o dixen na Xunta de Portavoces. Entendo que, que as mocións de nivel estatal, ou nivel de, de Galicia pois xa son debatidas incluso no Parlamento Galego, ou nas Cortes do estado. E nós deberíamos de ter mocións pois mais a nivel local ¿non?. Pero dito isto, a verdade e que me sorprende a moción esta do Partido Popular, me sorprende porque... menos mal que hai unha acta onde o propio Director Xeral reconece que o traballo se fixo ben, o do anterior goberno, e que o vai a aproveitar ao máximo todo o que fixeron. E que ademais nese traballo xa se contemplaba o transporte marítimo, xa se contemplaba o Billete Único, de feito se acaba de aprobar este, este novo Plan e se contempla o Billete Único. Non sei porque ven aquí na moción de que se, que se instaure o Billete Único, si se contempla xa no, no proxecto de, de Transporte Metropolitano, e por iso me sorprende que se presente esta moción. Outra cousa, ademais do que apuntaba o portavoz do Grupo Popular de que xa hai un acordo entre o Ministro de Fomento e Feijóo, para poñer en marcha as inversións para o AVE para Galicia. ¿Eh?. Non, non, bueno digo o Ministro de Fomento e Feijóo. Entón a verdade é que me sorprende, pero bueno, si se quere incidir sobre algo que xa está todo acordado, pois bueno...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Nós sen entrar a debate, que era un pouco o que acordamos na Xunta de Voceiros, imos a manifestar o noso sentido do voto, sen ánimo de polemizar. Nós imos a votar en contra, porque cremos que ten insuficiencias con respecto a Mugarodos. Eu pensei que o ía a nomear Roca, como colleu a acta, que isto o que se avanzara no tema do transporte intermunicipal, moi importante para o noso Concello, e segundo as informacións que debatemos nalgunha das derradeiras comisións, este novo goberno retrasou, e polo tanto non entrou en vixencia, que iso si é algo que debería de preocuparnos ao conxunto. A min preocupame bastante o metro lixeiro da Coruña e Vigo, pero como concelleira de Mugarodos, non é a miña competencia, o debate noutros asuntos. Entón nós polas deficiencias que ten en torno ao que afecta ao Concello de Mugarodos, polas inconcrecións que dicía o voceiro de IPM en canto ao transporte marítimo, e porque cremos que non avanza nos acordos que chegamos na Comisión de Servizos, imos a votar en contra.

**Sr. Alcalde:** Ben e... podes pechar a moción, se, se non hai mais intervencións...

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Pola mesma conclusión que Pilar eu vou a votar que si. E eu vou a votar que si por unha cousa, sabendo como está o tema, pois por unha cousa moi sinxela. Redundar ou repetir non é incongruencia. Sei, dixeron que é unha repetición que está practicamente todo dito, e moito mais aló, pero creo que non vai en contra de nada. Ben, estratexicamente no papel queda moi fermoso, e isa é a razón pola que voto. Todo o que é fermoso gustame.

**Sr. Alcalde:** Antes de pechar quería manifestar a...

**Sr. Bouza Rey:** Ben, nós imos a votar en contra, porque cremos que é unha moción que na súa totalidade está recollido dentro das negociacións e dentro das diferentes xuntanzas que se están facendo, entón nós vamos votar en contra.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Ah... pois imos a ver. Ía a comentar sinxelamente que, que entendera que a algún lle parecía mal a exposición de motivos e... haber que non é unha moción por moción, porque ás veces as cousas hai que pedilas unha vez, e outra, e outra, e outra. E eiquí temos os exemplos precisamente neste Concello que hai que pedir as cousas dezasete mil veces para que nos faigan caso. Entón sinxelamente é iso, logo podemos estar de acordo ou non, co que, co que se pretenda acordar na moción. Pero bueno, era sinxelamente iso.

**Sr. Alcalde:** Gracias Begoña. E... si.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Non e... pero perdón por non dicilo antes pero consideramos que precisamente pois non, non deberíamos quitalos. Si, si, sintoo, sintoo despisteime. Si, si, si.

**Sr. Alcalde:** Ben votos a favor da po... da moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP sobre o fomento da intermodalidade urbana, e o Concello Pleno, por 3 votos a favor (2 PP, 1 IPM) e 9 en contra (5 BNG, 3 PSOE, 1 EU-IU), acorda rexeitar a devandita moción.

## **5.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A REVISAR O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.**

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra a ponente.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Bueno, haber, nesta moción instase ao Goberno Central e instase á Xunta. Por unha parte ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do, do que supón a Lei de Dependencia, tendo en conta ademais o envellecemento da poboación e a, a dispersión da poboación en Galicia. E á Xunta de Galicia a que nos de mais protagonismo aos concellos que somos os que realmente estamos cerca da xente, e sabemos ou podemos chegar antes, ou chegar mais a tempo, ou chegar doutro xeito, que nos esa, ese protagonismo que antes tiñamos e... e logo instar á Xunta e a, a, aos gobernos é dicir a nós tamén, pois a garantir unha oferta suficiente de prazas de Centros de Día e residencias e estas cousas, ou sexa non... non só ao Goberno Central.

**Sr. Alcalde:** Si, palabras. Hai dúas palabras pedidas. Bueno, seguindo a orde de petición, Pilar, tes a palabra.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): si, nós imos a fixar posición ao igual que na anterior. Imos a votar en contra tamén, porque as emendas que lle faríamos son antagónicas ao texto, polo tanto manifestar que imos a votar en contra, porque si ben demanda financiamento, abre a porta á privatización dos servizos, polo tanto é algo ao que filosoficamente estamos en desacordo, en desacordo e imos a votar en contra. So me queda unha pregunta, das negociacións que entablachedes co BNG, non chegachedes a ningunha transaccional ¿non?, digo tal como se demandou na Xunta de Voceiros, porque se manteñen as dúas.

**Sr. Alcalde:** Si. Anxos tes a palabra. Ah... Juan, ti, non te vin, perdoa.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Si, non, non, non. Bueno e... comentaba a, a ponente que instaba tanto á Xunta como ao Goberno, si que é verdade. Ao Goberno lle fala de cartos e á Xunta simplemente de devolver protagonismos, de cartos da Xunta non fala nada. Ben. A entrada en vigor da Lei da Dependencia promulgada polo Goberno Socialista de D. José Luis Rodríguez Zapatero, ten unha importancia extraordinaria e co paso de tempo valorarase na súa xusta medida a trascendencia desta lei, polo que supón de garantía á atención e protección ás persoas en situación de dependencia. Como tódalas leis necesitan tempo para o seu desenvolvemento pleno, e esta con maior motivo pola súa complexidade. De tódolos xeitos o goberno e as comunidades autónomas están a facer un esforzo enorme para garantir a atención e protección ás persoas dependentes no menor prazo posible. Vou a referirme brevemente a datos do Ministerio de, do un de xuño do 2009. Según os datos do Ministerio, o un de xuño do 2009 en Galicia hai 59.730 solicitudes rexistradas, 45078 valoracións feitas, 25.854 grandes dependentes, 11.449 dependentes severos, 5.654 son dependentes moderados e 2.121 sin grao. 37.303 con dereito a prestacións, dos que 25.515 beneficiarios que xa teñen prestacións, e dos 11.788 están pendentes. Estos datos son os definitivos despois dunha regularización de baixas, falecementos, revisións de graos, expedientes depurados. O Real Decreto 74/2009 regula o nivel mínimo de protección aportado polo Estado para o ano 2009, a partida orzamentaria para financiar a Lei de Dependencia do 2009 nos presupostos do Estado é de 1.158 millóns de euros. Significa un 33% mais do adicado no exercicio 2008 que foi de 871 millóns. O Estado que o financia ao 50% a Lei. Esta partida superou con moito as previsións da memoria económica da Lei que a situaba a financiación estatal para 2009 en 979 millóns de euros. No

Real Decreto 73/2009 de 30 de xaneiro se establecen as contías máximas das prestacións económicas por grao e nivel para o ano 2009. Outros fondos de financiación en novembro do 2008 se creou o Fondo Estatal de Inversión Local e un fondo especial do estado para dinamizar a economía e o emprego, no que se contempla a atención á dependencia. Como unhas das actuacións que participarán do fondo especial do Estado para a dinamización da economía e o emprego. Coa creación de este fondo, o Goberno de España, reforzou a financiación para a implantación do sistema, se aprobou unha partida de 400 millóns de euros e estes fondos están destinados a promocionar, a proporcionar ás comunidades autónomas recursos extraordinarios para implantar a lei e ao mesmo tempo xerar emprego no sector. Como se financia o sistema para a autonomía e atención da dependencia, as comunidades autónomas aportarán cada ano polo menos unha cantidade igual a que aporta o Estado no seu territorio. Eu simplemente como dixen no principio da miña intervención, a poñente fala de cartos ao Estado, pero se debeu de olvidar da comunidade autónoma, e eu voto de menos que por exemplo poña, instar á Xunta de Galicia a adoptar nos orzamentos para o 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes, que de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación. E pagar en prazos prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes. Peticións que veñen recollido nunha próxima moción que vai a presentar o BNG. Por este motivo o Partido Socialista vai a votar en contra da moción.

**Sr. Alcalde:** Anxos.

**Sra. Díaz Prados:** Si, e... bueno. En principio o BNG podería votar a favor da moción do, do PP evidentemente si, si substitue o primeiro e o segundo, terceiro, cuarto acordos polos cinco que levamos nós na próxima moción. Como iso non vai a pasar supoño, e... quería falar un pouco de o que é... Como supoño que, que iso non vai a pasar, e... falarei un pouco de... da moción do PP e de porque nós imos a votar en contra. E... primeiro e... en canto á exposición de motivos, aínda que en algunhas cousas como a realidade, cando di que a realidade demográfica e sociolóxica e xeográfica supuxo un handicap engadido, estamos completamente de acordo, e algo que vimos dicindo dende fai moito tempo, que Galiza ten unha realidade completamente distinta e que hai que atender a esa realidade... a perdón. Que hai que atender a esa realidade cando se fan uns presupostos xerais. E continuades dicindo con que o certo é que estas circunstancias fan que Galicia arrastre un atraso importante, fai uns meses e... non eran esas circunstancias, senón era a inoperancia do bipartito. Sobre todo a inoperancia do BNG, quen non era quen, non era quen de dar as axudas a todos os dependentes. Cando nós recollimos en primeira instancia facer todas as valoracións. Agora xa están feitas. O voso é moito mais simple, e realmente o que son as axudas económicas aos dependentes non as estades pagando nin en prazo nin tampouco estades dando todas as que teríades que dar, de feito durante este ano estiveron bastantes meses paradas. Non así, non así as resolucións de axudas nos que os concellos tiñamos que facer primeiro a aportación. Que agora mesmo nos acaba de chegar a axuda do Plan Concertado, tamén con un certo retraso, pero si chegou. E... outra das cousas que... que ven por aquí, dentro dos puntos que tedes, é instar ao goberno da Xunta de Galicia a devolver aos concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos

efectivos que a lei lle garante. O bipartito e o BNG nunca, nunca, nunca e... deixou nin restou protagonismo aos concellos, nunca, de feito e... se traballaba cos concellos a través do Consorcio de Benestar, que o estades desmantelando as oficinas de i mais b, etc etc. E se estaba traballando moi ben ademais. Se, se pode falar con calquera técnico deste concello e doutros concellos, eu teño falado con moitos outros concellos, e realmente estaban ao principio eran un tanto reticentes pero realmente estaban moi contentos coa laboura que se estaba facendo e a colaboración que había entre concellos e comarcas. Entón non, non necesitamos buscar fórmulas de colaboración, dende o noso punto de vista, porque tiñamos unha que era moi boa. E o último instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos. E algo que evidentemente leva o seu tempo, e algo que empezamos a facer dende a Xunta de Galicia, e eu e algo que voto de menos que nos orzamentos da Xunta de este ano, non estea reflectido o Centro de Día para Mugar dos, que debería estar reflectido a estas alturas nos orzamentos do ano que ven. Temos a disposición da Xunta absolutamente o cine Zárate e os terreos colindantes, e un compromiso previo xa que o cine Zárate xa ten un carácter finalista, e non está. Entonces poderíamos incluír un punto dicindo que instamos á Xunta de Galicia a construír o cine Zárate para Mugar dos, e incluílo dentro dos orzamentos da Xunta para o ano 2010, polo menos algo que nos den, porque este ano me parece que van cero.

**INCIDENCIA:** Faise constar que durante a intervención da Concelleira Dña. Ángeles Díaz Prados, ausentouse ás 20:05 o Alcalde-Presidente, D. Xosé Fernández Barcia, reincorporándose ás 20:08 horas. Presidindo o Pleno durante este período o primerio Teniente de Alcalde D. José Antonio Bouza Rey.

**Sr. Alcalde:** Si Fariña, si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Haber Alcalde, é que de verdade teño un cacao montado tremendo. Pero a que acordo chegamos na Xunta de Voceiros. É que de verdade, é lamentable, lamentable que fagamos un esforzo de comprensión na Xunta de Voceiros. É que ao final, ou hai unha capacidade monumental, ou é practicamente imposible saber a ciencia certa que é o que imos a votar en cada unha das cousas. Nin síntesis nin cousa parecida, iso, diso non entendemos nada. Pero non houbo compromisos polo PP, polo Bloque, polo PSOE, incluso o PSOE se disculpou dicindo que... senón eu tamén metía mocións, é que isto é incomprendible. Por favor, non chegues a mais acordos destes porque é peor aínda.

**Sr. Alcalde:** Bueno eu penso que o tema é o compromiso que se adquire na Xunta de Voceiros pois debe ser respetado por todos e todas. E en todo caso, se acordamos votalas as mocións, pois as votamos sin, sin debate. Sobre todo aquelas que xa digo que competen tanto á Xunta como ao goberno central. ¿Eh? Si, si.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Eu simplemente quero matizar, non teño inconvinte en que votemos as, as e... as mocións sen debate. Pero quero subliñar que o acordo a que se había

chegado era de intentar consensuar as mocións para chegar aquí co menor número de mocións posible, e que ao vir consensuadas se poideran expoñer e votar, e eu creo que quen... o PSOE non incumpriu o acordado, proba de que nin tan sequera presentamos moción algunha a Pleno. E... de todas maneiras estamos dispostos o resto das mocións, salvo as que teñan algo que debatir de, de votalas. E agardemos que na próxima reunión da Xunta de Portavoces, en realidade consigamos que veñan as mocións depuradas e a ser posible consensuadas.

**Sr. Alcalde:** Ben, eu en todo caso para axilizar o Pleno, as mocións do grupo do BNG que se voten e punto. Sen debate.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si haber, porque eu creo que non é de debate disto. Pero o que se acordou entendo eu, na Xunta de Voceiros, era que se tentara consensuar as mocións sobre o mesmo tema, porque neste caso coincidía unha do PP e unha do BNG. Pero si hay mocións que non teñen ningunha coincidencia entre varios grupos. Eu non creo que a ningún grupo a Xunta de Voceiros lle poda impoñer que consensue antes as mocións que quere traer. E que o acordo ademais de non debate, se refería ás mocións enlatadas, como eu digo ás veces, é dicir as que nos mandan as direccións dos partidos, e que polo tanto o debate supera... nese senso foron as nosas intervencións e eu creo que foi un pouco así. Se me equivoco que...

**Sr. Alcalde:** Si, si. Ben. Pois non hai mais palabras, e pecha a ponente.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Pois nada, sinxelamente. Si estaríamos dispostos a engadir eses dous puntos, si queremos que se paguen en prazo as axudas, si queremos un Centro de Día en no cine Zárate e non habería maior problema. Que non estamos de acordo na exposición de motivos, estupendo tamén, as exposicións de motivos sabemos tamén que cada unha vai a ser como... aí si que non imos a estar de acordo. O que, o que é importante pensamos, é estar de acordo no fundamental, sinxelamente.

**Sr. Alcalde:** ¿Eh? Claro, o tema é o seguinte, que a moción tiña que vir consensuada antes. E porque hai dúas mocións agora presentadas ao Pleno.

**Sr. Bouza Rey:** Imos a ver. Eiquí non pode consensuarse esta moción. Pero imos a ver. Ou meten a nosa moción enteira, ou non hai, e que por iso non se, non se intentou consensuar. Porque e cambiar a moción deles pola nosa. Claro, e que vas a consensuar, e que, e que non tiña razón.

**Sr. Alcalde:** Bueno, está pechada por parte da ponente.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno Central a revisar o sistema de financiamento da Lei de Dependencia, e o Concello Pleno, por 2 votos a favor (2 PP), 9 en contra (5 BNG, 3 PSOE, 1 EU-IU) e unha abstención (IPM), acorda rexeitar a devandita moción.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A NECESIDADE DE ADQUIRIR DESFIBRILADORES EN CENTROS EDUCATIVOS E DEPORTIVOS.**

**Sr. Alcalde:** Bueno, nesta moción antes de darlle a palabra á ponente na Xunta de Portavoces, pois se explicou de que había dous, un no Concello e outro no Centro de Saúde e que se podía mirar de comprar un para o polideportivo. Entón, pois eu lle pediría ao Grupo Popular que retire a moción porque está, contempla a... Bueno, non, non, haber. Os do centro de saúde saben perfectamente como usalo, o que está no Concello tamén hai personal entrenado que sabe como, como usalo, e se compra para o polideportivo pois se lle dirá ao conserxe como, como se debe de usar. Está claro ¿non?, en todo, todo caso... claro, tamén claro.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP sobre a necesidade de adquirir desfibriladores en centros educativos e deportivos, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Que o Concello formalice a compra progresiva de desfibriladores portátiles para dotar as instalacións municipais onde se concentra un número importante de xente e/ou se realiza práctica deportiva.
2. Formese ao persoal necesario para o uso dos desfibriladores (automáticos ou semiautomáticos) nos centros de referencia antes citados.
3. Pasese dito acordo á Comisión de cultura e deportes para elaborar un protocolo de actuación e incorporación dos desfibriladores e os centros onde deben estar ubicados e calquera outra consideración que mellores o seu uso e evite mortes por non posuír recursos nin coñecementos suficientes.

## **7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O MODELO DE CAIXAS DE AFORRO EN GALICIA.**

**Sr. Bouza Rey:** Bueno dando acordo estritamente ao falado na Xunta de Portavoces, e tendo xa coñecemento, como me imaxino que terán todos os grupos de que xa se chegou a un acordo na Xunta de Galicia, por parte dos tres grupos, para que dunha maneira urxente, e se pode ser, ou xa o aprobaron así, que antes de final de ano cheguen a un acordo. Nós o acordo que pedimos do Pleno é primeiro instar á Xunta de Galicia a asegurar en uso das súas competencias que o centro de decisión das caixas de aforros galegas, se manteña en todo caso en Galiza. Segundo instar ao Parlamento de Galiza a que aprobe unha lei reguladora das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, a democratización dos seus

órganos de goberno, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a criazón de emprego en Galiza, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais reais do noso país. E terceiro trasladar este acordo aos grupos parlamentares de Galiza.

**Sr. Alcalde:** Bueno, eu non vou a coartar o debate. Se algún concelleiro concelleira queren intervir. Brevedade e...

**Sr. Varela Deibe:** Bueno, soamente un apunte porque aquí algunhas mocións que pasaron por aquí, dixeron que xa estaban acordadas, que estaban tal... Isto tamén chega xa tarde, porque, parece ser, e oxalá que se repita moitas veces, os tres grupos políticos que gobernan en Galicia, ou sexa que mandan en Galicia, están de acordo, por primeira vez. Os sindicatos parece que tamén. Espero que tamén os, os das Caixas de Aforro estén de acordo, porque aí é onde temos a dubida. Pero vamos, nós imos a votar a favor deste. Non vamos a, non vamos tampouco a... a reprimila. Imos a votala a favor dela. Porque queremos que as caixas sexan galegas, e se hai algún acordo que quede todo en Galicia. A prioridade que sea Galicia, a que, a que mande, vamos a dicilo así. Ou sexa, polo tanto non sei... isto ven a toro pasado xa saíu na prensa cousas que xa hai oito días que se están ventilando. Nada mais.

**Sr. Alcalde:** Si Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Haber. Eu tamén moi brevemente, pero é imposible non... pasar de puntillas por riba disto. A min, a miña impresión, eu non teño un grupo político detrás, da inmensidade dos vosos, da forza, do dinamismo e todo. Non teño. Pero a min a impresión que eu creo que é a impresión da xente de a pé, pareceme, é que neste conflito das caixas, das fusións de caixas ¿non?, hai dous intereses supremos, un o interese político, que é interese político ou representación, mais cargos, iso... eu creo que... pareceme que se desprende de todo iso, porque agora quere ir tamén representante dos concellos, da Deputación, agora da Xunta, da Deputación cando todo o mundo estamos, dixemos por activa e por pasiva que teñen que desaparecer. Imos a ver pero non interesa por ese tipo de cousas. Iso o sabe a xente tamén, por iso no ranking de cómo ven os cidadáns aos políticos, pois estamos non no final, na cola da cola. Pero o que é mais grave, o segundo tema, o que trae consigo as fusións son reconversións ou mellor dito, destrución de postos de traballo. Sexan estas con Caixa Madrid, sexan estas entre as caixas de Galicia. Vai a haber destrución de postos. E eu a iso en principio, porque creo que non entendo, e creo dentro do meu pouco entender que ise non é o problema, que é un problema distinto, eu por isa razón vou a votar que non. Porque me fundamento xa noutras ocasións tiven que tragar con temas de reconversións e paros tremendos. Isto é o mesmo. Mais moderno, ou mellor difrazado, pero mais do mesmo. E o veremos mais en diante ¿eh?. Falaremos mais en diante dos postos de traballo que se destrúen.

**Sr. Alcalde:** Ben, senón hai mais palabras sometemos a votación a moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre o modelo de Caixas de Aforro en Galicia, e o Concello Pleno, por 10 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 2 PP), 1 en contra (IPM) e unha abstención (EU-IU), acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a asegurar, en uso das súas competencias, que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña, en todo caso, en Galiza.

2. Instar ao Parlamento de Galiza a que aprobe unha lei reguladora das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, a democratización dos seus órganos de goberno, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a criazón de emprego en Galiza, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais reais do noso país.

3. Trasladar este acordo aos grupos parlamentares de Galiza.

## **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RETIRADA DO INCREMENTO DO IVE DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO.**

**Sr. Bouza Rey:** Bueno propoñemos ao Pleno instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado a retirada da proposta de incremento do IVE contemplada nos Orzamentos Xerais do Estado, e presente unha nova proposta onde non se incrementen os impostos indirectos, e se dote ao sistema tributario de maior progresividade. Polo tanto, que se acometa unha reforma fiscal baixo os principios de progresividade, equidade e xustiza tributaria, que implique unha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas, e maior presión fiscal ás rendas mais altas, e implique tamén gravar con maior progresividade as rendas procedentes do capital e de actividades especulativas, así como a adopción de medidas efectivas contra a fraude e a evasión fiscal.

**Sr. Alcalde:** Ben votos a favor da moción, ah, vale, vale. É que... nosoutros... si Juan.

**Sr. Fernández Ameneiro:** eu soio, soio quero dicir se non, se non hai intervencións, se non hai debate eu tampouco o fago.

**Sr. Alcalde:** Non, non, non.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Simplemente recordar que esta moción, unha similar xa veu, x veu no, no Pleno pasado, xa fixemos a nosa argumentacion e se non hai debate pois nós tampouco o imos a facer.

**Sr. Alcalde:** Si.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Eu só comentar que estaríamos completamente de acordo coa moción se nós cambiarades a... un pouquiño a exposición de motivos. No fondo da moción estamos de acordo, o IVE non debe subirse.

**Sr. Alcalde:** Begoña, dalle aí.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Ah, pero é que esto non quería que constara, pero bueno. Claro, as políticas do PSOE e do PP foron na dirección de eliminar os aspectos progresivos de fiscalidade: aumentáronse fortemente os impostos regresivos como o IVE e os impostos especiais... de iso nada, ou sexa... Que eu recorde non se aumentaron de aquela. Aumentaron bastante despois. O BNG se opuxo de forma rotunda á subida do IVE, e o PP tamén, ou sexa.

**Sr. Bouza Rey:** Bueno, pois nós che aceptamos de quitar tamén ao PSOE, PSOE e PP e poñerlle gobernos anteriores. Cha aceptamos dicindo, así as políticas de gobernos anteriores foron na dirección. ¿Vós vale?

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Si

**Sr. Bouza Rey:** Vale.

**Sr. Alcalde:** Ben, votos a favor da moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a retirada do incremento do IVE dos orzamentos xerais do estado, e o Concello Pleno, por 8 votos a favor (5 BNG, 2 PP, 1 EU-IU) e 4 en contra (3 PSOE, 1 IPM), coa emenda do PP en canto a exposición de motivos aceptada polo BNG, xa transcrita, acorda:

Ínstase á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a retirada da proposta de incremento do IVE contemplada nos Orzamentos Xerais do Estado, e presente unha nova proposta onde non se incrementen os impostos indirectos, e se dote ao sistema tributario de maior progresividade. Polo tanto, que se acometa unha reforma fiscal baixo os principios de progresividade, equidade e xustiza tributaria, que implique unha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas, e maior presión fiscal ás rendas mais altas, e implique tamén gravar con maior progresividade as rendas procedentes do capital e de actividades especulativas, así como a adopción de medidas efectivas contra a fraude e a evasión fiscal.

## **9.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A APLICACIÓN DA LEI DA DEPENDENCIA.**

**Sra. Díaz Prados:** Bueno todo o mundo ten a moción diante, sobre a Lei da Dependencia xa discutimos antes dentro dun e... pasamos á votación directamente se ninguén ten nada que dicir.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a aplicación da Lei da Dependencia, o Concello Pleno, por 8 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE), 2 en contra (PP) e 2 abstencións (1 IPM, 1 EU-IU), acorda:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.Dotar nos Orzamentos para 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.

2.Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

3.A instar ao Goberno do Estado a que dote Orzamentos de 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da lei.

4.Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados.

5. Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza.

#### **10.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADAS CON MOTIVO DAS ASASINADAS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola concelleira de Benestar, igualdade, sanidade, mocidade, ensino e política lingüística Dña. Ángeles Díaz Prados, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

#### **11.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 751/2009 a 824/2009.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 751/2009 á 824/2009, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

#### **12.- MODIFICACIÓN DO DÍA DE REALIZACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO.**

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Trasladar a data de realización do Pleno Ordinario do mes de decembro, que correspondería realizar o 25 de decembro, ao vindeiro día 23 de decembro ás 11:30 horas.

### **13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-IU SOBRE A ACTIVISTA AMINETOU HAIDAR**

**Sr. Alcalde:** Antes de entrar no tema de Rogos e Preguntas imos a debatir a moción que presenta o grupo de Izquierda Unida sobre a activista Aminetou Haidar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si bueno hoxe pola mañán paseille unha copia a tódolos grupos entón imos a... a facer lectura aos acordos co ánimo de axilizar. Primeiro e denunciar a sistemática violación dos dereitos humanos por parte do goberno marroquí nos territorios ocupados do Sahara Occidental. Segundo, condenar a expulsión inustificada do Sahara Occidental da activista polos dereitos humanos e o recoñecemento do Sahara Occidental, Aminetou Haidar e a retirada da súa documentación por parte das autoridades marroquí. Terceiro, condenar a complicidade das autoridades españolas na retención ilegal de Aminetou Haidar vulnerando os seus dereitos humanos e a propia lexislación en materia de entrada en territorio español e impedindo o retorno ó seu país. Cuarto, solicitar se restitua inmediatamente o dereito de Aminetou Haidar a regresar ó seu país, o Sahara Occidental, con todas as garantías para a súa integridade persoal e a recuperación da súa documentación. Quinto, transmitir a nosa solidariedade e apoio a Aminetou Haidar. Sexto, que os acordos sexan enviados a Asociación Galega de Solidaridade co Pobo Saharai, o goberno do Estado Español e a embaixada de Marrocos en España. Só un apunte, creo que ten un especiado significal para nós, dado que o Concello ten un hermanamento cun dos campamentos de refuxiados e polo tanto ten ese sinalamento especial e pola diferente traxectoria que os derradeiros anos tivo o Concello.

**Sr. Alcalde:** Gracias, si hai palabras. E, ben, Begoña tes a palabra.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Gracias, moi brevemente. Completamente de acordo coa moción, simplemente se puideramos modificar dúas palabras, o da complicidade das autoridades españolas, parecenos un pouco forte, queremos pensar, que é pasividade, que é consentimento, non complicidade. Se nos, pois poríamos por exemplo eu que sei, criticar a pasividade, algo así. Estaríamos e, e votaríamos a favor evidentemente.

**Sr. Alcalde:** Juan.

**Sr. Fernández Ameneiro:** bueno antes de nada, quería facer unha breve analise da situación de Aminatou Haidar. Hai que recordar que esta defensora saharai dos dereitos humanos viaxou dende Canarias ate o Aaiún, o derradeiro sábado día 14, onde foi rexeitada polas autoridades marroquíes que lle requisaron o pasaporte ao negarse a recoñecerse como marroquí no trámite de ingreso ao país. Cumprindo coa normativa internacional, da Organización de Aviación Civil Internacional, as liñas aereas que transportaron a, a Haidar,

vi, vironse na obriga de retornala ata o seu destino de orixe. Ante esta situación as autoridades españolas tomaron a decisión de permitir a entrada en España de Haidar por razóns humanitarias, xa que ten permiso de residencia concedido por razóns de tipo humanitario, debido a que precisa tratamento médico en España polo deterioro físico que lle produciron os anos como desaparecida forzosa, e de detención, e liberdade de movemento en España en vigor ata o 21 de xaneiro do 2010. en aplicación das circunstancias excepcionais previstas na Lei de Extranxería. Esta é a única decisión que compete ás autoridades españolas, nestes intres Haidar non pode regresar ao Sahara Occidental nin viaxar fora de España ao non contar con ningún documento que poda utilizar como título de viaxe, e que é esixido por toda compañía aerea en cumprimento da normativa internacional. E por elo o goberno español ofreceulle a posibilidade de concederlle o Estatuto de Refuxiada. Queremos sinalar, que o Partido Socialista se solidariza co pobo saharai e coa activista Aminatou Haidar, e estamos de acordo totalmente coa moción, simplemente a apoiaríamos na súa totalidade si se retira o punto tres.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Ben, non, non o imos a aceptar. Se non o acepta a que está en folga de fame, non a vou a aceptar eu, porque en todo caso dentro duns intres vou a cear. E a miña situación de saúde non é complicada. Entón nós non o imos a aceptar, recollendo as testemuñas que leva facendo ela dende o día 14, na que fai unha explícita condea a Marrocos, e ao Goberno de España, e tampouco imos a ler sobre os dereitos internacionais o que viña hoxe no periódico sobre o Consello Xeral da avogacía, e polo tanto a situación que está a crear o goberno español, contra o convenio para a protección dos dereitos humanos no seu articulado punto dous, punto dous, que creo que é mais outra cuestión. Nós imos a manter a moción tal cal está, se esta moción non sae porque non, un segundo, se non sae porque non ten a maioría plenaria suficiente, o que solicitaríamos é que en todo caso se así o entende a Presidencia da corporación en nome de todos, lle envíe un telegrama de solidariedade que é o que parece que coincidimos a unanimidade, pero nós non imos a modificar a moción.

**Sr. Alcalde:** Bueno, eu soamente unha pequena reflexión a todos e todas. Sabedes que este Concello pois e... está firmemente implicado no proceso de autodeterminación do Sáhara, que apoia e... entendemos que calquera activista dun país que está loitando pola súa autodeterminación, pois cremos que debe ser respetado e neste caso, pois aí o goberno español, coas súas limitacións, que seguro que as ten, pero si non está facendo un esforzo para presionar ao goberno marroquí, para que recoñeza ese dereito deste pobo á súa libre autodeterminación. E dende logo, eu xa a nivel persoal, xa non como Alcalde, senón a nivel personal considero que as persoas non deben de ser discriminadas por loitar por uns dereitos que, que todos entendemos ¿non?. Non soamente os dereitos humanos, senón tamén o dereito a decidir libremente o que queremos, e polo tanto, eu pediría que non, non, non imprica nada aprobar a moción tal como está no texto, porque efectivamente si o goberno español neste caso, as autoridades, non sei si o goberno, pero si as autoridades que, que, que tiñan que tomar medidas ao respecto, pois e... neste caso concreto non as tomaron ¿non?. E, e polo tanto entendo que a moción se debía de aprobar tal como está. Si.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Si, respecto e incluso puidera compartir algunha das túas manifestacións, pero a min parece moi grave acusar a un goberno como o español de complice, de complice de Marrocos. Me parece moi grave.

**Sr. Alcalde:** non acusa, ao goberno non se condea.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Non digo que sexa mais ou menos acertada as decisións ou a postura que esté tomando este, neste momento o goberno. Porque eu soio sei o que estou lendo. Pero acusar ao goberno español de complice de Marrocos me parece unha palabra demasiado grave.

**Sr. Alcalde:** Pero non está condenando ao Goberno, está condenando a unha autoridade, que é diferente.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Condenar a complicidade das autoridades españolas.

**Sr. Alcalde:** E que Juan mira, eu soamente para aclararche. No Goberno que hai eiquí en Mugardos, pode haber autoridades ou membros do goberno que non actúen ou non actuemos como deberíamos actuar en determinados momentos. E se pode condenar a esa autoridade e non condenar a todo o grupo de goberno. Entón eiquí se está condenando a unhas autoridades que foron as que efectivamente e... tomaron a decision esa.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si bueno, eu só un segundo para aclarar o do terceiro punto, que me parece que... si o do terceiro punto. Eu a verdade é que no texto previo tentei buscar o consenso e entón recollín o acordo das organizacións sindicais abaixo firmantes, reunidas na 35 Conferencia Europea Internacional de Solidaridade co pobo saharai, celebrado en Barcelona os días 20, 21 e 22 de novembro do ano 2009. Na súa redacción que a firma, por iso pensei que ía a ter mais consenso, non troxen a de Izquierda Unida, pero bueno, xa vexo que non, entre outras en España, a firma a UGT, COMISIONES e a CIGA, a STV, e despois a CGT portuguesa, e tódalas demais. Eu pensei que... ao mellor erroneamente que proba, probablemente tal. Punto número tres do acordo este de Barcelona, das organizacións sindicais leo textualmente, é: “Condenamos a complicidade das autoridades españolas na retención ilegal de Aminetou Haidar vulnerando os seus dereitos humanos e a propia lexislación en materia de entrada en territorio español e impedindo o retorno ó seu país”. Creo que é calcado. E... polo tanto eu non a considereir, é dicir, descartei unha parte do texto que propoñía a propia Izquierda Unida, entendendo que esta nos podería dar mais consenso, porque así viña refrendada por todo o que se move no mundo sindical. A nós valíanos, se non vale nós non a imos a rectificar, porque é exactamente clavado.

**Sr. Alcalde:** Si, si Fariña, si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Ia a falar un pouco do tema. Tiña pensado certamente aprobalo sen mais, e vouno a aprobar de calquera xeito ¿eh?. Pero a min parece, que as cousas que veñen pechadas radicalmente, xa pode vir co consenso de Comisiones Obreras, ou de trinta e dúas comisións, a min non me gusta. Entre outras cousas,

porque eu son un defensor de, dos dereitos dos cidadáns a través das furnas. E os outros non é tanto. Eu creo que condenar en España condenan os xuíces, exclusivamente, e en derradeiro termo, son os cidadáns os que politicamente din si aos acertos ou non aos desatinos. Por iso eu sería bo, creo que sería bo, e o espírito sería o mesmo, tal como en principio eu creo que foi Begoña, a que dixo, criticar a pasividade, o consentimento, ou buscar, eu a condena... minimizar o tema porque si no fondo o que buscamos é que se solvente un problema, eu creo que é moito mellor así, que do outro xeito. Penso ¿eh?. De todos os xeitos, se a poñente ten todo o dereito do mundo a non querer trocalo, non o troque, pero eu vou a votar que si de unha forma ou doutra. Gustaríame mais do outro xeito.

**Sra. Díaz Otero:** O tema, non a imos a modificar, porque non imos a desnaturalizar a un dos responsables desta situación, e o dixen antes. Ao que lle cree conciencia de voto é o seu problema, como aos que a igrexa... va non sei que do pecado, que saíu hoxe Monseñor Camino, vale. Nós non a imos a modificar porque non queremos desnaturalizala. Dixemos que si a moción sae rexeitada porque o Pleno non a aproba, solicitamos do Presidente da Corporación, no que hai consenso, que é darlle a solidariedade, que o faga para ese derradeiro acto que sexa verificado.

**Sr. Alcalde:** Ben, se somete a... Ben se somete a votación a moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de EU-IU sobre a activista Aminetou Haidar, e o Concello Pleno, por 9 votos a favor (5 BNG, 2 PP, 1 IPM, 1 EU-IU) e 3 abstencións (3 PSOE), acorda:

- 1.-Denunciar a sistemática violación dos dereitos humanos por parte do goberno marroquí nos territorios ocupados do Sahara Occidental.
- 2.-Condenar a expulsión inxustificada do Sahara Occidental da activista polos dereitos humanos e o recoñecemento do Sahara Occidental, Aminetou Haidar e a retirada da súa documentación por parte das autoridades marroquís.
- 3.-Condenar a complicidade das autoridades españolas na retención ilegal de Aminetou Haidar vulnerando os seus dereitos humanos e a propia lexislación en materia de entrada en territorio español e impedindo o retorno ó seu país.
- 4.-Solicitar se restitua inmediatamente o dereito de Aminetou Haidar a regresar ó seu país, o Sahara Occidental, con todas as garantías para a súa integridade persoal e a recuperación da súa documentación.
- 5.-Transmitir a nosa solidariedade e apoio a Aminetou Haidar.
- 6.-Que os acordos sexan enviados a Asociación Galega de Solidaridade co Pobo Saharai, o goberno do Estado Español e a embaixada de Marrocos en España.

#### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde:** Vostede tiña prisa Señor Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Podo xa. Si podo.

**Sr. Alcalde:** Si, si, si.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Bueno, si me permitides gritarei un pouquiño mais, porque como eu teño problemas de audición, pois quero que vós entre perfectamente ben a todos. Pregunto ao Alcalde e como consecuencia a todos, con respecto ao que é este organismo, que creo que o merece e moito. Compañeiros amigos, ¿as miñas exposicións enténdense?. Porque hai intervencións doutros compañeiros que non comprendo nin papa. E eu non sei se teño un problema de audición ou de comprensión. Se é de audición teño que ir ao médico dos oídos. Si é de comprensión ao médico da cabeza. Dicirno, por favor, é que non entendo. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Gracias Fariña. Ah, Varela, si ben. Ti Begoña, veña.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Gracias, imos a ver, eu teño dúas preguntas para o Alcalde. Unha e para, pola Resolución da Alcaldía número 801 do 2009, onde hai que indemnizar a unha persoa coa cantidade de 1819,60 euros, de onde o seguro cubre... pois a franquicia, creo que son 320 euros, entendo eu, ou sexa que hai que darlle 1500, mais 1500 de intereses, quería saber a... de que é esta, esta debede que hai que pagar. Dirasme, e o puidesche pedir, pois direiche, non o puiden pedir, ou o puiden pedir pero non ia a servir de nada, porque o día 6 de novembro o PP pediu dous registros, dous escritos do Rexistro de Entrada e non se nos deron aínda. Hoxe estamos a 27, e logo e... para o concelleiro de obras pois pediría pois vixiancia nas obras, por deus, e nos accesos ás casas, aí as rúas. Eu lle pediría ao concelleiro, que tentase ir un día de choiva por certas rúas de Mugar dos onde estén en obras. Onde hai que atravesar por un tablón, estreito, que o tente facer cun bastón, unhas bolsas da compra, e xa non lle digo que vaia con tacóns. Sinxelamente iso. Que, que por favor que vixien, e, e que faciliten a vida aos veciños. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Bueno en todo caso como non, non me lembro da... ah.

**Sr. Secretario:** Bueno por aclarar, aínda que non me corresponde, na resolución se di que se lle abone, que se proceda ao pagamento e os intereses xerados polo importe principal. O principal que se lle paga son 1.502,53 euros, e os intereses desta cantidade dende a fecha en que se lle pague o principal ata, ata agora, é dicir, nunca é esa cantidade os intereses. Serán non sei, pero, que chegará a 50 euros ou así os intereses, non son 3.000 euros.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Ben pero a pregunta básica é porqué. De que é iso, sinxelamente.

**Sr. Secretario:** Está explicado que ven desta sentenza.

**Sr. Alcalde:** Isto é porque ven dunha sentenza, xa se recurreu a reclamación, e a sentenza lle deu favorable a ela, e polo tanto dende que sae a sentenza.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Pero sentenza de que.

**Sr. Alcalde:** Aquí o pon. Visto o fallo da sentenza ditado no recurso xa citado.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Eu o quería eiquí, porque pido e non se me dá, pois.... Haber se me contestan.

**Sr Alcalde:** Dalle a copia, dalle a copia. Pois entonces iso. O teu rogo é de que se lle traia a sentenza ¿non?. En todo caso, o podes solicitar en secretaría, que che, por está depositado en secretaría ¿eh?.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Non eu só.

**Sr. Alcalde:** Haber, espera por que... Haber, quen vai primeiro. Varela que es, es o mais maior, veña.

**Sr. Varela Deibe:** Bueno, ou sexa pois e... me dan pola idade ¿non?. Me dan por idade. Bueno imos a ver. Eiquí eu quería facer dous rogos. E antes do rogo lle fago unha pregunta ao concelleiro de obras, haber si visitou as aceras de o que se está facendo nos Casás. Concretamente a entrada dende A Pedreira hacia os Casás. E o rogo era, senón visitou que visite, e haber si se pode reformar polo menos a... o que é a acera... eu que sei un metro menos, un metro mais hacia dentro. Porque algún cando veña... que queira entrar vai ter que invadir o carril esquerdo, para poder entrar. Iso é un rogo. E o outro, é outro rogo, pero outro rogo que xa eiquí se falou varias veces deste tema, de licencias de primeira actividade, licencias de actividade. Porque eiquí hai moita presa ás veces para facer modificación puntuais do Plan, eu nunha ocasión, non sei si foi coloquialmente falando con alguén do BNG, do grupo de goberno neste caso, había proposto que se fixera unha modificación puntual deste, neste punto. Porque habrá, habrá moitos negocios e moitas, e moitas actividades por aí que están no aire. Vamos, en precario, vamos a dicilo así. E cando, cando hai unha prisa, e se pode facer para certas cousas modi, modificación puntual, eu creo que aquí tamén se podería facer. A min habíame contestado que iso tardaba moito. Pero mais creo que se vai a tardar se esperamos que se aprobe o novo Pan. Porque o novo Plan ten para anos. Isto podería ter para meses. E creo que hai moita xente en precario, como digo eu, en precario, ao mellor pendientes de que haxa unha denuncia ou unha cousa, e que teñan que desalojar o, o seu negocio. Eu creo que isto era para pensalo, e un rogo para pensalo e creo, creo que é un rogo moi, moi suave.

**INCIDENCIA:** Faise constar que durante a intervención do Concelleiro D. Emilio Varela Deibe, ausentouse ás 20:47 horas, a Concelleira Dna. Ángeles Díaz Prados, reincorporándose ás 20:49 horas durante a intervención da Concelleira Dna. Pilar Díaz Otero.

**Sr. Alcalde:** Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si haber e... eu teño dúas. Un é e...sobre un compromiso do Pleno anterior, mediante un compromiso do Alcalde, estoume referindo, mediante o cal nós sometemos pola vía de urxencia unha moción que rexistráramos o 24 de setembro do 2009, dado que entre o Pleno ordinario de outubro e o Pleno ordinario de novembro, ía a haber un Xunta de Voceiros para tratala. Entón voltamos a facer o rogo, para que e... se poda executar esa Xunta de Voceiros nuns días e podamos debater a moción. Xa que tivemos a delicadeza de non traela outra vez pola vía de urxencia e forzar o debate, esperamos que se poda convocar a Xunta de Voceiros nuns destes días. E o seguinte rogo, é que e... se reforce na comisión de obras, é para o Presidente da Comisión de Obras, o seguemento das obras que están sendo executadas no termo municipal de Mugardos, pero que non están sendo executadas polo Concello de Mugardos. Boa parte delas. É dicir, tanto as que están sendo executadas polo propio Concello como as que non, que non son responsabilidade directa. Porque eu vou a romper unha lanza ao seu favor, como rompo moitas outras no seu defecto, quero dicir, non... mais no seu defecto que no seu favor, pero neste caso no seu favor. Eu creo que... a colaboración neste caso de case que todos os concelleiros poden evitar pois e... os pequenos problemas que están a sufrir os veciños á causa das obras. Porque eu vin ao Presidente da Comisión de Obras en moitas obras, pero tamén recoñezo que non é o espírito santo, e non pode estar as 24 horas do día no conxunto das obras. Si somos capaces, é a miña opinión, que en cada unha das comisións de obra, ou establezcamos un xeito áxil, para que os pequenos defectos que imos detectando nas pequenas incomodidades, podan ser transmitidas e se poidan solucionar, eu creo que gañaremos todos e o conxunto dos veciños. Eu quero dicir que o outro día, por iso dixen que ía a romper unha lanza ao seu favor, eu chameino, e o Presidente foi áxil na resolución dun problema veciñal nunha obra.

**Sr. Alcalde:** Ignacio.

**Sr. Fernández Fernández** (que traducido literalmente di): Hola boas tardes. Só unha pregunta Alcalde. Fai un par de meses que manifestaches o anuncio de entrega dos orzamentos e seguimos sen recibilos os diferentes grupos municipais. Entón queremos saber que pasa cos mesmos.

**Sr. Alcalde:** Haber, o primeiro interesado en que saian os orzamentos, e o grupo de goberno. O que pasa é que, temos un problema, que estamos pendentes aí do IAE de Reganosa, porque é importante para nosoutros meter esa cantidade nos orzamentos. A cantidade que sexa, que non o sabemos. Estamos pendentes dunha xuntanza con a Delegación de Facenda para que nos diga exactamente o que nos van a dar. E como para nosoutros, para o equipo de goberno é importante, pois ¿eh?. É importante, si. Bueno. Con respecto á moción isa Pilar, a verdade é que a moción non pode vir a Pleno, legalmente.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Un informe do Secretario.

**Sr. Alcalde:** ¿eh?.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Que faga un informe o Secretario.

**Sr. Alcalde:** Bueno, pois si, si pides que... haber non pode, o Pleno, non pode aprobar un gasto que non esté aprobado, que non esté contemplado.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Non está aprobando o gasto.

**Sr. Alcalde:** ¿Eh?. Estás pedindo unha axuda.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Non eu creo que non. Insta ao Alcalde a que se busque a formula. ¿Ves?. Que é outra cousa diferente. Non é resolutiva. E o segundo e insta ao Alcalde, que tamén non é resolutiva.

**Sr. Alcalde:** Entón que inste á interventora porqué senón eu tereime que poñer cunha gorra aí fora. Bueno, de todas formas e... se pode buscar unha solución, nunha xunta de portavoces mais e...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): haber, imos a ver. Se nós no Pleno anterior aceptamos, e ao mellor neste caso mal, loubamos ao Presidente da Comisión de Obras, e mal, porque confiamos na túa palabra.

**Sr. Alcalde:** Si ven a Pleno, si ven a Pleno...

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): se ía a trasladar á Xunta de Voceiros. Ese foi o compromiso do Pleno de outubro. Trasládala ao seu debate á Xunta de Voceiros. Cousa que non se... realizou.

**Sr. Alcalde:** Vamos a intentar para na próxima Xunta de Portavoces. E se non aparece che insto, che insto a que na propia Xunta de Portavoces digas, hai que incluír este punto na orde do día.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): As ordes do día da Xunta de Voceiros.

**Sr. Alcalde:** Ben, se non hai mais rogos e preguntas se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
O ALCALDE,